



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Centro de Educación Infantil e Primaria Víctor Sáenz

San Cosme de Antes, 35  
15256 Mazaricos – A Coruña  
Teléfonos: 881866101//881866102  
Fax: 881866103  
Correo electrónico: [ceip.victor.saenz@edu.xunta.es](mailto:ceip.victor.saenz@edu.xunta.es)  
Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvictorsaenz/>

# **PLAN DE CONTINXENCIA CEIP VÍCTOR SÁENZ**

## **Versión Noviembre 2020**

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN GROMO.....	3
3. ACTUACIÓ NS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.....	6
4. HORARIOS PARA O ENSINO VIRTUAL.....	10
5. MEDIDAS PARA O REINICO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL ..	14

## **1. INTRODUCCIÓN**

O Plan de Continxencia do CEIP Víctor Sáenz ten por finalidade establecer as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

Actualízase o presente Plan de Continxencia conforme a Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 e na Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19, determínanse as medidas e procedementos específicos no caso de situacións que activen o Plan de Ensino Virtual ante a Covid-19 para garantir a continuidade do proceso educativo. As medidas recollidas neste Plan serán obxecto de revisión e adaptación continua atendendo á evolución da pandemia, co fin de garantir a súa adecuación ás obrigas ou recomendacións sanitarias existentes en cada momento.

Este Plan de continxencia darase a coñecer as familias a través da páxina web e comunicaremos a concreción do protocolo en caso de peche para que sexa coñecido e podan contribuír ao proceso educativo.

## **2. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO**

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan:

- Síntomas compatibles con Covid-19,
- Aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de Covid-19,

- Aqueles que estén en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con alguna persoa con síntomas ou diagnosticada de Covid-19.

2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:

- Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta dispoñe de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.

- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:

- Máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva
- De forma excepcional e no caso específico de que o/aalumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houberse dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse una máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatiblecoa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algún hapersoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo. O centro conta cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria dereferencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse assúas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora equipo formado na Covid-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCovid, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da formahabitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. A autoridade sanitaria en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo Covid do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou docentro educativo na súa totalidade.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 e na Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

11. Dende o centro estamos desenvolvendo periodicamente simulacións que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche

### **3. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

- O centro educativo establecerá as medidas necesarias para garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial segundo o establecido neste Plan de Continxencia.
- Para garantir a continuidade, este centro establece unha planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado (ver apartados posteriores), de acordo co previsto na *Resolución do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19.*
- Comunicarase as familias a concreción do protocolo en caso de peche para que sexa

coñecido e podan contribuír ao proceso educativo.

As titoras informarán aos pais nais ou titores legais do alumnado das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe, así como do control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos, que realizará diariamente o profesorado mediante as ferramentas habituais, e das súas consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica.

- O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial, e, polo tanto, está obrigado participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento.
- Dende o centro temos constancia das necesidades de recursos para o ensino a distancia, que presentan algúns alumnos/as, derivadas dunha situación de peche transmitidas a inspección educativa.
- Para garantir o proceso de ensino a distancia, o profesorado deste centro vense formando de xeito continuo.
- As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando seu dereito ao lecer e ao descanso.
- Durante o peche ou confinamento, sempre de acordo coas indicacións sanitarias derivadas da evolución epidemiolóxica, o profesorado poderá seguir o proceso educativo no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.
- A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través de varias ferramentas: as aulas virtuais, Webex, Falemos Edu, libros de texto, etc. O profesorado realizará o seguimento axeitado do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
- Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

- Cando durante o peche ou confinamento parte do profesorado afectado se atope de baixa será o equipo docente co apoio da persoa Coordinadora TIC quen dispoña provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou a alta do/a docente.
- O mesmo día do peche:
  - a. a dirección do centro enviará unha comunicación a través de Tokapp e publicará unha nova na web do centro.
  - b. o profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientación ás familias, especialmente para o alumnado menor idade, a través da aplicación Tokapp ou a través da aula virtual. Estes recursos poderán remitirse aos libros de texto, a fichas específicas e a actividades en liña, entre outros.
- Durante o peche ou confinamento o profesorado continuará coa súa labor docente de acordo co previsto no apartado 30 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 ( Normas específicas relativas a metodoloxías na aula e programacións) e no apartado 3 das Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato (Programacións didácticas).
- A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación así como no apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria.
- Garantirase en todo momento a atención a diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter



individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares e aos protocolos de atención á diversidade de ser o caso.

- A administración educativa garantirá o dereito á educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise.
- O equipo COVID do centro identificará e concretará as necesidades de recursos para o ensino a distancia derivadas dunha situación de peche, manterase debidamente actualizada en coordinación coa inspección educativa para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
- **Durante o período de suspensión** da actividade presencial o centro educativo ten previstas, as seguintes **medidas**:
  - ✓ Coordinar as actividades que se desenvolven no período de suspensión.
  - ✓ Manter reunións de coordinación entre o profesorado.
  - ✓ Coordinar as actividades para o reinicio de clases
  - ✓ En xeral manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.
  - ✓ Coas familias e co alumnado con NNEE, haberá un contacto frecuente por parte do profesorado ordinario, e polos/as especialistas de pedagogía terapéutica, audición e linguaxe e orientador, se procede, para ir axustando a axudas educativas as necesidade do/a alumno/a.
  - ✓ O/a orientador/a do centro educativo, no horario establecido pola dirección do centro, velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, coordinará a atención ao alumnado NEE por parte do persoal adscrito ao departamento de orientación, realizará as correspondentes reunións telemáticas para o desenvolvemento e seguimento do Plan de Acción Titorial, realizará as súas funcións, establecidas no artigo 6 do Decreto 120/1998, do 29 de abril, empregando as distintas ferramentas dixitais, ben a demanda dos titores/as ou dos pais/nais ou titores legais do alumnado.

✓ **En Educación Infantil** tratarase de manter a comunicación coas familias a través de canles como chamadas telefónicas, videochamadas (Ciscowebex e Falemos Edu), tokapp, email..., para ofrecer propostas de actividades que poida realizar o alumnado na casa e seguir en contacto coa actividade escolar. En previsión de peche da aula, o alumnado de educación infantil ten na casa unha proposta de actividades impresas enviadas polas titoras previamente antes do peche.

✓ **En 1º e 2º cursos de primaria** tratarase de manter a comunicación coas familias a través de canles como chamadas telefónicas, videochamadas (Ciscowebex e Falemos Edu), tokapp, email..., para ofrecer propostas de actividades que poida realizar o alumnado na casa e seguir en contacto coa actividade escolar. En previsión de peche da aula, o alumnado de 1º e 2º cursos de primaria seguirán as indicacións do profesorado para seguimento dos contidos e actividades dos libros de texto que teran na casa.

✓ **Para o alumnado de 3º a 6º de educación primaria,**

Nos cursos de 3º a 6º de educación primaria, o ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado. O profesorado estará en contacto coa familia e realizará o seguimento do alumnado a través de diferentes canles como chamadas telefónicas, videochamadas (Ciscowebex e Falemos Edu), tokapp, email.. Para o desenvolvemento da aprendizaxe utilizaranse varios recursos:

- A través dos libros de texto, que teran na casa, para seguir a programación de cada nivel e realizarán as tarefas propostas a través das canles mencionadas.
- A través da aula virtual de cada grupo, a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería.
- O alumnado de 5º e 6º curso de primaria terá ademais a posibilidade de traballar a través de tablets da plataforma Snappet para as materias de matemáticas e linguas galego, castelá e inglés.

#### **4. HORARIOS PARA O ENSINO VIRTUAL**

Atendendo a mencionada Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros....,

para o ensino non presencial, este centro diferencia para un caso de peche parcial (dunha ou varias aulas) ou peche total do centro, e establece os seguintes horarios para este alumnado de 3º a 6º cursos de educación primaria:

Así diferenciamos:

A) **Peche parcial.** Confinamento de varias/os alumnas/os dunha aula, e/ou peche de toda a aula ou varias aulas. Proposta de horario tal como o está establecido no Documento de Organización do Centro (DOC), si ben para a aula ou aulas confinadas o tempo de descanso é entre o tempo de cada sesión virtual -30 minutos- e a seguinte sesión.

B) **Peche total do centro.** Proposta seguir secuencia de sesións lectivas como as actuais, pero todo o horario estará concentrado na mañá, coas cinco sesións matinais de 40 minutos cada unha e con 2 descansos de 20 minutos e 10 minutos respectivamente (un despois das 2 primeiras sesións e o outro despois da 3ª e 4ª).

**Notas: Hora de ler.**

A hora de ler adicámolle cada día 25 minutos. Está contemplada na 5ª sesión. De tal xeito que aínda que nesta sesión aparece unha materia con horario de 15:20 a 16:30, na práctica adicámolle o que vai de 15:20 a 15:45 a tempo de lectura e o resto do tempo a materia correspondente. Así o faremos, tamén no caso dun peche parcial de unha ou varias aulas. No caso dun peche total do centro tamén a faremos -20 minutos- na 5ª sesión, polo tanto aínda que esta aparece con horario de 13:10 a 14:00, de 13:10 a 13:30 é o tempo adicado a lectura.

**A) PECHE PARCIAL DO CENTRO**

**1) HORARIOS POR NIVEL**

**3º CURSO**

Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10:00-10:50	LCL-3º Pri.	Mat-3º Pri.	EF-3º Pri	Ingl-3º Pri.	LGeL-3º Pri.
10:50-11:40	Mat-3º Pri.	LGeL-3º Pri.	Mat-3º Pri.	Mat-3º Pri.	EF-3º Pri.
11:40-12:10	1º RECREO				
12:10-13:00	Ingl-3º Pri.	LCL-3º Pri.	Valores- Re.Ca	LGeL-3º Pri	LCL-3º Pri.
13:00-13:50	LGeL-3º Pri.	MUS-3º Pri.	LCL-3º Pri. - A	Cienc.Soc-3º Pri	PLA-3º Pri.
13:50-15:20	COMEDOR//2º RECREO				13:50-14:50 Titoría familias
15:20-16:30	Cienc.Soc-3ºPri.	Ingl-3º Pri.	Cienc.Nat.-3º Pri	Cienc.Nat.-3º Pri	Cienc.Soc-3º Pri.

**4º CURSO**

Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10:00-10:50	LCL-4º Pri.	Mat-4º Pri.	EF-4º Pri.	Ingl-4º Pri.	LGeL-4º Pri.
10:50-11:40	Mat-4º Pri.	LGeL-4º Pri.	Mat-4º Pri.	Mat-4º Pri.	EF-4º Pri.
11:40-12:10	1º RECREO				
12:10-13:00	Ingl-4º Pri.	LCL-4º Pri.	ReCa-4º Pri.	LGeL-4º Pri.	LCL-4º Pri. - A
13:00-13:50	LGeL-4º Pri.	MUS-4º Pri.	LCL-4º Pri.	Cienc.Soc-4º Pri.	PLA-4º Pri.
13:50-15:20	COMEDOR//2º RECREO				13:50-14:50 Titoría familias
15:20-16:30	Cienc.Soc-4º Pri.	Ingl-4º Pri.	Cienc.Nat.-4º Pri.	Cienc.Nat.-4º Pri.	Afond./Ref.-4º Pri.

**5º CURSO**

Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10:00-10:50	MUS-5º Pri.	LGeL-5º Pri.	Ingl-5º Pri.	Mat-5º Pri.	Ingl-5º Pri.
10:50-11:40	Cienc.Nat.-5º Pri	Ingl-5º Pri.	Cienc.Soc-5º Pri	Cienc.Soc-5º Pri.	PLA-5º Pri.
11:40-12:10	1º RECREO				
12:10-13:00	Mat-5º Pri.	LCL-5º Pri.	Mat-5º Pri. - A	LGeL-5º Pri.	EF-5º Pri.
13:00-13:50	LCL-5º Pri.	Mat-5º Pri.	LGeL-5º Pri. - A	Cienc.Nat.-5º Pri	Mat-5º Pri.
13:50-15:20	COMEDOR//2º RECREO				13:50-14:50 Titoría familias
15:20-16:30	LGeL-5º Pri.	EF-5º Pri.	Valores- Re.Ca.	LCL-5º Pri.	LCL-5º Pri.

**6º CURSO**

Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10:00-10:50	MUS-6º Pri.	LGeL-6º Pri.	Cienc.Nat.-6º Pri	Mat-6º Pri.	Mat-6º Pri.
10:50-11:40	Ingl-6º Pri.	Mat-6º Pri.	Cienc.Soc-6º Pri.	Cienc.Soc-6º Pri.	PLA-6º Pri.
11:40-12:10	1º RECREO				
12:10-13:00	Mat-6º Pri. - A	LCL-6º Pri.	Mat-6º Pri.	LGeL-6º Pri.	EF-6º Pri.
13:00-13:50	Cienc.Soc-6º Pri.	Cienc.Nat.-6º Pri	Afond./Ref.-6º P	Ingl-6º Pri.	Ingl-6º Pri.
13:50-15:20	COMEDOR//2º RECREO				13:50-14:50 Titoría familias
15:20-16:30	LGeL-6º Pri.	EF-6º Pri.	Valores- Re.Ca	LCL-6º Pri.	LCL-6º Pri.

## B) PECHE TOTAL DO CENTRO

### 3º CURSO

Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10:00-10:40	LCL-3º Pri.	Mat-3º Pri.	EF-3º Pri	Ingl-3º Pri.	LGeL-3º Pri.
10:40-11:20	Mat-3º Pri.	LGeL-3º Pri.	Mat-3º Pri.	Mat-3º Pri.	EF-3º Pri.
11:20-11:40	<b>1º RECREO/DESCANSO</b>				
11:40-12:20	Ingl-3º Pri.	LCL-3º Pri.	Valores- Re.Ca	LGeL-3º Pri	LCL-3º Pri.
12:20-13:00	LGeL-3º Pri.	MUS-3º Pri.	LCL-3º Pri. -	Cienc.Soc-3º Pri	PLA-3º Pri.
13:00-13:10	<b>2º RECREO</b>				
13:10-14:00	Cienc.Soc 3ºPri	Ingl-3º Pri.	Cienc.Nat.-3º Pri	Cienc.Nat.-3º Pri	Cienc.Soc-3º Pri.
14:00-15:00					Titoría familias

### 4º CURSO

Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10:00-10:40	LCL-4º Pri.	Mat-4º Pri.	EF-4º Pri.	Ingl-4º Pri.	LGeL-4º Pri.
10:40-11:20	Mat-4º Pri.	LGeL-4º Pri.	Mat-4º Pri.	Mat-4º Pri.	EF-4º Pri.
11:20-11:40	<b>1º RECREO/DESCANSO</b>				
11:40-12:20	Ingl-4º Pri.	LCL-4º Pri.	ReCa-4º Pri.	LGeL-4º Pri.	LCL-4º Pri. - A
12:20-13:00	LGeL-4º Pri.	MUS-4º Pri.	LCL-4º Pri.	Cienc.Soc-4º Pri.	PLA-4º Pri.
13:00-13:10	<b>2º RECREO</b>				
13:10-14:00	Cienc.Soc-4º Pri.	Ingl-4º Pri.	Cienc.Nat.-4º Pri.	Cienc.Nat.-4º Pri.	Afond./Ref.-4º Pri
14:00-15:00					Titoría familias

### 5º CURSO

Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10:00-10:40	MUS-5º Pri.	LGeL-5º Pri.	Ingl-5º Pri.	Mat-5º Pri.	Ingl-5º Pri.
10:40-11:20	Cienc.Nat.-5º Pri	Ingl-5º Pri.	Cienc.Soc-5º Pri	Cienc.Soc-5º Pri.	PLA-5º Pri.
11:20-11:40	<b>1º RECREO/DESCANSO</b>				
11:40-12:20	Mat-5º Pri.	LCL-5º Pri.	Mat-5º Pri.	LGeL-5º Pri.	EF-5º Pri.
12:20-13:00	LCL-5º Pri.	Mat-5º Pri.	LGeL-5º Pri.	Cienc.Nat.-5º Pri	Mat-5º Pri.
13:00-13:10	<b>2º RECREO</b>				
13:10-14:00	LGeL-5º Pri.	EF-5º Pri.	Valores- Re.Ca	LCL-5º Pri.	LCL-5º Pri.
14:00-15:00					Titoría familias

### 6º CURSO

Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10:00-10:40	MUS-6º Pri.	LGeL-6º Pri. - A	Cienc.Nat.-6º Pri	Mat-6º Pri.	Mat-6º Pri.
10:40-11:20	Ingl-6º Pri.	Mat-6º Pri. - A	Cienc.Soc-6º Pri.	Cienc.Soc-6º Pri.	PLA-6º Pri.
11:20-11:40	<b>1º RECREO/DESCANSO</b>				
11:40-12:20	Mat-6º Pri. - A	LCL-6º Pri. - A	Mat-6º Pri.	LGeL-6º Pri.	EF-6º Pri.
12:20-13:00	Cienc.Soc-6º Pri. -	Cienc.Nat.-6º Pri	Afond./Ref.-6º Pri	Ingl-6º Pri.	Ingl-6º Pri.
13:00-13:10	<b>2º RECREO</b>				
13:10-14:00	LGeL-6º Pri.	EF-6º Pri.	Val.So/ Re	LCL-6º Pri.	LCL-6º Pri.
14:00-15:00					Titoría familias

## 2)HORARIOS POR GRUPOS

### 3º--4º CURSOS

Hora	Luns		Martes		Mércores		Xoves		Venres		
	3º C	4º C	3º C	4º C	3º C	4º C	3º C	4º C	3º C	4º C	
1ª SESIÓN	LCL.		Mat.		EF		Ingl		LGL		
2ª SESIÓN	Mat.		LGL		Mat		Mat		EF		
1º RECREO/DESCANSO											
3ª SESIÓN	Ingl.		LCL		Val.-Re.Ca-		LGL		LCL		
4ª SESIÓN	LGeL		MUS		LCL		Cienc.Soc		PLA		
COMEDOR//2º RECREO											
5ª SESIÓN	Cienc.Soc.		Ingl		Cienc.Nat		Cienc.Nat.		Cienc. Soc	Afond./ Ref.	
14:00-15:00										Titoría familias	

### 5º--6º CURSOS

Hora	Luns		Martes		Mércores		Xoves		Venres		
	5º C	6º C	5º C	6º C	5º C	6º C	5º C	6º C	5º C	6º C	
1ª SESIÓN	MUS		LGL		Ingl	CCNN	Mat	Mat	Ingl		
2ª SESIÓN	CCNN	Ingl	Ingl	Mat	CCSS		CCSS		PLA		
1º RECREO/DESCANSO											
3ª SESIÓN	Mat		LCL		Mat.	Mat.	LGL		EF		
4ª SESIÓN	LCL	CCSS	Mat	CCNN	LGL	Afond./ Ref	CCNN	Ingl	Mat		
COMEDOR//2º RECREO											
5ª SESIÓN	LGeL		EF		Val.So.Civ// ReCa		LCL		LCL		
14:00-15:00										Titoría familias	

## **5.MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro. Nese momento dende o centro planificaremos medidas que favorezan ese retorno.